

## Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 15 de marzo de 2018

### CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

José Luis Sampedro Bouzas.

José Pedro Cambón Fernández.

Francisco Javier Blanco Sánchez.

Non asiste: Yolanda Bouzas Alfonsín.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.15 horas (con retraso) do 15 de marzo de 2018, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Pola alcaldía se procede á corrección de erro advertido na orde do día, no punto 5º, onde di: Recurso de reposición, que se suprime da orde do día, por non ser o asunto competencia da Xunta de Goberno Local.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

1º.- Acta anterior correspondente ao día 1 de marzo de 2018.

2º.- Comunicacions previas (obras menores).

3º.- Licenza de primeira ocupación.

4º.- Licenza de obra maior.

### **PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 1 DE MARZO DE 2018.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 1 de marzo de 2018.

### **SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS MENORES).**

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Ana Cristina Camiño Villaverde, que di actuar en representación da COM. PROP. URBANIZACIÓN ALDEA DO RIO PEGO, con domicilio na Avd. da Mahía 60, 1ªA, Bertamiráns, Ames, na que comunica que vai realizar obras de impermeabilización das terrazas interiores das vivendas da segunda planta, portais nº 2, 3, 5, 6, 7 e 8, situadas na Urb. Río Pego, para arranxar os problemas de filtracións.

A parcela onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo urbano (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Benigno Alfonso Fernández, que di actuar en representación da COM. PROP. AVDA. DE NOIA Nº 58, con domicilio en Avda. Mahía nº 24 portal 1, baixo A, Ames, na que comunica que vai colocar unha baixante de augas pluviais na vivenda da Avda. de Noia 58, Os Anxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras atopase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Mónica Cives Arias, que di actuar en representación de JAVIER VERDE MONTERO, con domicilio na Avda. de Mahía 11, porta 39, Bertamiráns, Ames, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Cirro, San Salvador, na parcela con referencia catastral 7732504NH2473S00001MI:

- Demoler un peche de bloques de formigón con arame encima situado no lindeiro lateral da parcela.
- Levantar no mesmo lugar un peche de dúas filas de bloques de formigón e arame, ata unha altura de 1,50 m.

A parcela onde se pretenden realizar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural da zona leste en área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- A parte cega do peche non alcanzará unha altura maior de 1,20 m. e quedará revestido e pintado.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARLOS LEIRA LODEIRO, con domicilio en Babenzo 36, Bastavales, na que comunica que vai realizar obras de construción dunha piscina descuberta de 32 m<sup>2</sup>, na parte traseira da parcela e afastada dos lindes particulares como mínimo a 3 metros, en Babenzo 36, Bastavales.

A parcela onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras solicitadas, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

### **TERCEIRO.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ENRIQUE CAMPOS GOMEZ, con domicilio na Praza de Galicia 3, 4º dereita, Santiago de Compostela, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada en Xinzo 21, Bastavales.

Con data 26/10/2005 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a Enrique Campos Gomez para construír a vivenda unifamiliar.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes desfavorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade, non conceder a licenza solicitada, por non axustarse a obra á licenza concedida na Xunta de Goberno Local do 26/10/2005, polos seguintes motivos consonte co informe do arquitecto municipal:

- A edificación ten maior volume construído en xeral. En parte debido á ampliación realizada na planta denominada planta soto, e en boa parte debido a que a mesma ten máis altura sobre a rasante que a definida nos planos da obra.
- A edificación ten máis altura sobre a rasante do terreo, motivado pola configuración da denominada planta baixa. Nos planos de alzados advírtese que na fachada principal o solado da planta baixa eríxese sobre a rasante do terreo, unha distancia de 0,87 cm. (plano nº8 do proxecto), distancia que cumpre os parámetros estipulados nas ordenanzas xerais do PXOM, e concretamente no apartado 3.1. Definicións. Planta baixa, do PXOM, no seu apartado da planta baixa. A altura comprobada oscila entre a cota de 1,68 cm. sobre a rasante no extremo esquerdo da fachada principal e a cota de 1,38 cm. do outro extremo da mesma, sendo o límite imposto pola normativa municipal de 1 metro.
- O feito de elevar o solado da planta baixa por encima do límite esixible polo PXOM aos efectos de validar a configuración da planta baixa, provoca que a denominada planta soto non poida ser considerada como unha planta baixo rasante; non ten a consideración de planta soto, nin tan sequera de planta semisoto como tal, posto que se puido comprobar que en todo o perímetro da vivenda esta planta excede o límite máximo permitido de elevación sobre a rasante (1 metro, que é a distancia entre a altura máxima e a altura máxima permitida), e en consecuencia altera as condicións de aproveitamento urbanístico da parcela.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

#### CUARTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR

a) Deuse conta dunha instancia presentada JHON RAFAEL BLANCO GARCIA e ANDREA BLANCO BONJOUR, con domicilio en Sabaxáns 23, Bastavales, de licenza de obra para reconstruír a cuberta da vivenda de Sabaxáns 23, Bastavales, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Santiago Losada Fernández, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 18.12.2017 e documentación complementaria visada o 02.03.2018.

A edificación (referencia catastral 8314107NH2481S0001LQ) atópase emprazada dentro da delimitación de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.



- Manterase o uso preexistente sobre o espazo baixo cuberta que se actúa, ou sexa de faiado, ou de local de servizo, non podendo destinarse a estancia da vivenda.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13,30 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González